



CONCELLO

DE

36968 MEAÑO

(PONTEVEDRA)

REGULAMENTO PARA A CONCESION DE HONORES E DISTINCIONS

I CREACION

Artigo 1º.— Polo presente Regulamento, o Ilmo. Concello de Meaño, acolléndose as facultades que lle outorga a Sección Quinta do Capítulo I do Título VI do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986 de 28 de novembro, establece as normas precisas para a concesión de honores e distincións a aquelas persoas naturais ou xurídicas que polos seus especiais méritos e cualidades se fagan acreedoras deles.

II MEDALLAS E DISTINTIVOS

Artigo 2º.— Crease a Insignia do Concello en dúas categorías: Insignia de Ouro e Insignia de Prata.

Artigo 3º.— A concesión da Insignia en calquera das súas categorías efectuarase para premiar calquera acción ou acto determinado que redunde en beneficio directo e exclusivo do Concello ou tivera unha especial resonancia fora del.

Artigo 4º.— Concederase a Insignia de Ouro a aquelas persoas que reunindo as condicións detalladas no artigo anterior realizaran unha acción ou acto meritorio cuia memoria sexa imperecedoira pola súa permanencia física ou polos seus efectos continuados.

Asimesmo concederase a Insignia de Ouro a tódolos Alcaldes habidos, actuais e futuros deste Concello.

Artigo 5º.— Concederase a Insignia de Prata en aqueles casos en que o acto ou acción meritoria en concreto, redunde en proveito ou beneficio do Concello, ou dos seus habitantes, pero que a súa importancia ou permanencia sexa menor ou de inferior duración.

Asimesmo concederase a Insignia de Prata a todo—los concelleiros habidos, actuais e futuros deste Concello.



CONCELLO

DE

36968 MEAÑO

(PONTEVEDRA)

III

FILLO PREDILECTO, FILLO ADOPTIVO, MEMBRO HONORARIO DA CORPORACION E REXEDOR PERPETUO

Artigo 6º.- A Corporación Municipal poderá acorda-lo nomeamento de Fillo Predilecto para distinguir as persoas nadas en Meaño que dedicaran a súa vida, de modo permanente e continuado a promove-lo ben material ou moral do Concello, ou traballara respecto a Meaño en investigacións históricas ou científicas. Tamén poderán ser nomeados Fillos Predilectos aqueles Meañeses cuías actividades alcanzaran resonancia nacional ou estranxeira, destacándose no campo das artes, ciencias ou letras.

Artigo 7º.- A Corporación poderá asimesmo nomear Fillo Adoptivo deste Concello a todas aquelas persoas nadas en municipios distintos que dun modo continuado dedicaran as súas actividades a promove-lo ben moral ou material no Concello, ou fixeran de Meaño obxecto de especiais estudos, investigacións ou de manifestacións artísticas.

Artigo 7º Bis.- Tamén poderá acordarse en sesión plenaria, e nas distintas categorías que teña establecidas oficialmente o Concello ou estableza no futuro, o nomeamento con carácter perpetuo ou vitalicio de "MEMBROS HONORARIOS DA CORPORACION". Dito nomeamento recaerá forzosamente en persoas naturais que, pertencendo a Corporación Municipal se fixeran acreedoras de tal distinción pola súa encomiable labor en pro dos intereses xerais do Concello.

Serán de aplicación a este artigo o que dispoñen os artigos 9º, 10º e 11º deste mesmo título.

En canto as normas de concesión desta distinción rexirán as do Título IV do presente Regulamento aprobado salvo no caso seguinte: "Cando os méritos dunha persoa, que pertenceu a Corporación, para a concesión desta distinción sexan coñecidos de maneira fehaciente polo Concello, poderá éste acordar por unanimidade dos asistentes a sesión, sempre que estos sexan polo menos dous tercios do número que de dereito a compoñen, o nomeamento de "MEMBRO HONORARIO" de calquera categoría sen necesidade de tramita-lo expediente regulado para os demais casos especificados no artigo 12º do devandito Título IV deste Regulamento"

Artigo 7º Bis 2.- Tamén poderá acordarse en sesión plenaria o nomeamento con carácter perpetuo de "Rexedor Perpetuo" a todas aquelas persoas naturais que resaltaron



C O N C E L L O
D E
36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA)
no orde político, administrativo, cultural ou artístico, que teñan relación cos intereses do Concello.

Será de aplicación a este artigo o que dispoñen os artigos 9º, 10º e 11º de dito Título.

En canto as normas de concesión desta distinción, rexerán as do Título IV deste Regulamento, salvo no caso seguinte: "Cando os méritos dunha persoa ou a súa relación cos intereses do Municipio sexan coñecidos de maneira fehaciente polo Concello, poderá éste acordar, por maioría absoluta, o nomeamento de "REXEDOR PERPETUO" sen necesidade de tramita-lo expediente regulado para os demais casos especificados no artigo 12º do mencionado Título IV do repetido xa Regulamento".

Artigo 8º.— A concesión do Título de Fillo Predilecto ou Adoptivo dará dereito a acompañala Corporación Municipal os actos públicos os que aquela asista e a concurrir as sesións públicas do Concello Pleno en lugar preferente o efecto reservado.

Artigo 9º.— En ningún caso o título de Fillo Predilecto ou Adoptivo outorgará facultades para intervir no goberno e administración do Concello. Sen embargo poderán concedérselle funcións representativas cando se exerzan fora da demarcación territorial do Municipio.

Artigo 10º.— O título de Fillo Predilecto ou Adoptivo estenderase sobre pergamiño policromado e prancha de metal artisticamente debuxados, que conterán imprescindiblemente o escudo de Meaño, o nome e apelidos da persoa distinguida e a data do acordo de concesión.

Entregaraselle ademais un botón de solapa, artisticamente confeccionado, que sexa mosta do título e distinción conferido.

I V NORMAS DE CONCESION

Artigo 11º.— Para a concesión de calquera das distincións mencionadas nos artigos anteriores, incoarase un expediente o que servirá de base a petición escrita de:

- a) Corporación de dereito público, Organismo ou Entidade Oficial.
- b) Entidade Cultural, Profesional, Sindical, Recreativa, Deportiva ou similar.
- c) Vintecinco veciños de recoñecida personalidade, significación e arraigo no



C O N C E L L O

D E

36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA)
Municipio.

d) Ilmo. Sr. Alcalde, Comisión de Goberno ou cinco concelleiros.

Artigo 12º.— Cando a incoacción do expediente sexa promovida a instancia das corporacións ou persoas que se mencionan nas letras b) e c) do artigo anterior, a solicitude deberá estar suscrita pola representación legal no caso da letra b) e por todos os veciños no da letra c) e as súas firmas serán legalizadas polo notario en exercicio na poboación.

Artigo 13º.— O expediente instruirase os sesenta días da data da entrada da instancia na Secretaría Municipal, previo acordo que en tal sentido adoptará o Pleno da Corporación.

Artigo 14º.— A petición escrita a que se contrae o artigo 12º, deberá indicar concretamente a distinción que se pretende sexa concedida, razoando os motivos ou circunstancias relevantes que a aconsellen.

Artigo 15º.— Acordada a instrucción do expediente, na forma prevista no artigo 14º, nomearase en tal acordo o Xuíz Instructor que o tramitará, cargo que recaerá forzosamente no Tenente de Alcalde, e o Secretario para actuar no mesmo que reunirá a condición de Concelleiro.

Artigo 16º.— O expediente aportaranse tódolos datos e antecedentes necesarios para acreditar os motivos que poidan aconsella-la concesión da distinción. Tamén se unirán tódalas probas que acrediten os espaciais merecementos do proposto. Co resultado de todo elo, o Instructor redactará o oportuno informe que será sometido a consideración do Pleno.

Artigo 17º.— Sancionado polo Pleno en principio, e sen que elo prexulgue sobre o acordo final, o informe do Xuíz Instructor exporase no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial por espacio de quince días hábiles, durante o cal, tódalas persoas que así o consideren oportuno, poderán examina-lo expediente e alegar calquera argumentación contraria a proposta.

Artigo 18º.— Rematado o período expositivo, na primeira sesión do pleno que tivese lugar, someterase o expediente a un minucioso exame por parte da Corporación a que aquilatará tódalas circunstancias analizadas e de modo ponderado, contrastando opinións e recabando, si o considerase necesario, novos informes de persoas ou entidades que o caso se refiran, acordando en definitiva a concesión ou denegación dos honores e distincións que se regulan.

Artigo 19º.— O acordo definitivo a que se contrae o artigo anterior adoptarase



CONCELLO
DE
36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA)
— polo Pleno da Corporación co voto favorable das dúas terceiras partes do número dos seus membros de feito e en todo caso da maioría absoluta do número legal.

Artigo 20º.— A persoa natural ou xurídica que fose obxecto de distinción, seranlle entregados tódolos atributos acreditativos de tal concesión.

V
VIXENCIA

Artigo 21º.— O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado o texto íntegro do mesmo no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo sinalado no art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

Meaño, 13 de outubro de 1994

DILIXENCIA:

Poñoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que o texto íntegro do presente Regulamento foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 20 de outubro de 1994.

Meaño, 21 de outubro de 1994

OUTRA.-

Para facer constar que no Boletín Oficial da Provincia nº 215 de data 9 de novembro de 1994, publícase a aprobación inicial do Regulamento para a concesión para a concesión de Honores e Distincións"

Meaño, 10 de novembro de 1994

CERTIFICADO DE EXPOSICION PUBLICA.-

D^a M^a Teresa Escudero Barral, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Regulamento para a Concesión de Honores e Distincións aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 20 de outubro de 1994, estivo exposto o público durante os trinta días hábiles transcorridos dende o 10 de novembro ata o 16 de decembro de 1994, ámbolos dous incluídos, non presentándose reclamacións o mesmo neste período.

E para que así conste, e para os efectos de unir o expediente de aprobación deste Regulamento, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Meaño a dezanove de decembro de mil novecentos noventa e catro.

V^o e Prace,
O Alcalde,

ACORDO:

Non presentándose reclamacións contra o Regulamento para a concesión de Honores e Distincións, segundo consta no certificado de exposición pública, o devandito Regulamento queda definitivamente aprobado, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 20 de outubro de 1994, procedéndose o abeiro do artigo 70 da Lei 7/85 do 2 de abril a cumplimenta-lo trámite da publicación do Texto íntegro no BOP, e igualmente remitírase copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Meaño, vinte de decembro de mil novecentos noventa e catro.

DILIXENCIA: Para facer constar que o Texto íntegro do presente Regulamento, publicouse no B.O.P. nº 12 de data 18 de xaneiro de 1995.

Meaño, 19 de xaneiro de 1995